

«BEATRIZ GALINDO» 2023 INSTRUCCIÓN PARA PRESENTAR PROPOSTAS

O Ministerio de Universidades vén de publicar a *Orde de 27 de decembro de 2023 pola que se convocan por tramitación anticipada as axudas Beatriz Galindo para o exercicio 2024 (BOE 29/12/2023)*.

A convocatoria pode ser consultada no seguinte enlace: [Convocatoria Beatriz Galindo 2023](#)

As instrucións contidas neste documento teñen o obxectivo de ordenar un procedemento interno de recepción e selección de propostas para que a Universidade de Vigo poida presentar a súas cinco solicitudes que sinala, como máximo, a convocatoria.

1. CONVOCATORIA BEATRIZ GALINDO

Obxecto

O obxecto da convocatoria Beatriz Galindo é a concesión de 100 axudas para a atracción de talento investigador que teña realizado parte da súa carreira profesional no estranxeiro e estean desenvolvendo proxectos no exterior na data de publicación da convocatoria, establécense dúas modalidades:

- a) **Axuda Beatriz Galindo sénior:** deberá acreditarse unha experiencia docente e investigadora de polo menos sete anos no estranxeiro, a contar dende a obtención do título de doutor/a. Ademais, para obter unha axuda sénior a cualificación da primeira avaliación deberá ser igual ou superior a 80 puntos sobre 100.
- b) **Axuda Beatriz Galindo júnior:** deberá acreditarse unha experiencia docente e investigadora de como máximo sete anos no estranxeiro, a contar dende a obtención do título de doutor/a. Ademais, para obter unha axuda júnior a cualificación da primeira avaliación deberá ser igual ou superior a 70 puntos sobre 100.

Importe da axuda

As beneficiarias da axuda serán as universidades públicas españolas que contratarán ás persoas seleccionadas como profesor/a distinguido/a. A contía das axudas será a seguinte:

- a) Modalidade sénior:
65.000 euros por parte do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades
25.000 euros por parte da universidade.
- b) Modalidade júnior:
35.000 euros por parte do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades
15.000 euros por parte da universidade.

Proceso de adxudicación das axudas

A adxudicación das axudas Beatriz Galindo comprende dúas avaliacións:

Primeira: un panel internacional de persoas expertas avaliará as solicitudes presentadas polas universidades.

Segunda: o panel internacional seleccionará a investigadora ou investigador co que a universidade deberá realizar o contrato de profesor/a distinguido/a por unha duración de 4 anos.

As universidades poderán presentar ata un máximo de cinco perfís de praza e de tres candidaturas por cada perfil.

2. PROCEDIMIENTO INTERNO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS.

Quen pode presentar unha proposta?

Poderán presentar unha proposta de solicitude as seguintes estruturas:

1. Os departamentos que dispoñan de áreas con capacidade de consolidación de profesorado.
2. Os departamentos que carecen de áreas con capacidade de consolidación de profesorado pero que dispoñen de candidaturas excepcionais pola súa relevancia docente e investigadora.

Serán consideradas candidaturas excepcionais aquelas que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- Candidaturas que estivesen incluídas na lista de investigadoras e investigadores altamente citadas nos últimos cinco anos publicada por Thomson Reuters en calquera categoría científica (<https://hcr.clarivate.com/>)
- Candidaturas que acadasen unha axuda European Research Council (ERC) nos últimos cinco anos.
- Candidaturas que tivesen publicado nas revistas *Nature* e/ou *Science* nos últimos cinco anos.

As candidaturas deben ademais reunir os requisitos de experiencia sinalados para cada modalidade de axuda.

Presentación das propostas de solicitudes

1. Encher o formulario interno de solicitude accesible no seguinte enlace: [Convocatoria interna](#)
2. Cada formulario deberá vir acompañado do CV, sen acreditación dos méritos, dun máximo de tres candidaturas así como da acreditación de estar desenvolvendo actualmente proxectos no exterior.

3. Presentar o formulario de solicitude do perfil da praza xunto coa documentación solicitada pola sede electrónica da Universidade de Vigo **antes do 12 de xaneiro de 2024 ás 14:00 horas.**

Non serán admitidas, para a súa valoración pola Comisión de Investigación, as propostas de solicitude que non sigan estes pasos.

Critérios para a selección das propostas.

A Comisión de Investigación seleccionará as cinco solicitudes que considere con maior posibilidade de acadar unha axuda Beatriz Galindo e primando aquelas áreas con necesidades docentes.